



GRUPO PROVINCIAL

Ramiro Rodríguez Suárez, deputado do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta para o seu debate e se procede posterior aprobación, a seguinte **MOCIÓN SOBRE A PRESENZA DO RADÓN NA NOSA PROVINCIA**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pese a que a normativa europea que está a punto de entrar en vigor incrementou a escala de 300 becquerelios por metro cúbico, que marca o risco pola exposición ao gas radón, desde os 200 que se utilizaban como referencia ate agora, a provincia de Ourense atópase nunha situación preocupante. A Unión Europea reconece que esa exposición constante ao radón supón un importante risco para a saúde e, tras 30 anos de alertas científicas, obrigará a partir do ano que ven ao Goberno español a tomar medidas.

A Unión Europea aprobou en 2013 unha directiva (2013/59/Euratom) que entrará en vigor o ano que vén e que por primeira vez obriga aos gobernos a realizar medicións en lugares de traballo situados en áreas de risco e mitigar a concentración de radón nos que se rexistre un mínimo de 300 becquerelios por metro cúbico, a unidade de medida utilizada con este gas e que equivale á desintegración atómica que se produce nun segundo. Os países membros deberán ademais introducir requisitos específicos nos códigos de edificación que eviten a entrada deste gas nos inmobeis de nova construción e fomentarán a súa redución nas casas xa existentes.

Os expertos parabenízanse de que por fin se esixa á Administración que protexa aos cidadáns deste axente canceríxeno pero consideran insuficiente o nivel de acción marcado pola UE (300 becquerelios por metro cúbico), tendo en conta que en Estados Unidos é de 148 becquerelios e que a Organización Mundial da Saúde fixa en 100 a fronteira do perigo. Estes mesmos expert@s lembran medicións en vivendas galegas nas que se detectaron ate 3.000 e 4.000 becquerelios

Cada ano detéctanse na provincia de Ourense 190 novos casos de cancro de pulmón, sendo a exposición ao gas radón a segunda causa da aparición desta enfermidade. A provincia atópase á cabeza do Estado en concentración de gas

radón, despois da Serra do Guadarrama e Zamora. Ourense está na categoría máis alta, onde máis risco hai de desenrolar cancro de pulmón polas elevadas concentracións que se observan nos domicilios.

A taboa de medicións de gás radón realizadas polo Laboratorio de Radón de Galiza na cidade de Ourense, reflicte que un 17% das medicións efectuadas superan os 300 becquerelios, polo que a situación é altamente preocupante. Hai capitais de concellos nos que a incidencia chega ao 100%, logo de facer tan so unha medición.

Actualmente, os propietarios de vivendas que se atopen en zonas de alta incidencia de gas radón poden dirixirse ao laboratorio de Radón de Galiza para que lles manden 2 detectores que deberán colocar por un periodo de 3 meses na parte baixa e alta da vivenda, debendo aboar un custe de 96 euros por vivenda. A realización deste tipo de probas cubre o dobre obxectivo de incrementar a seguridade da vivenda dos propietarios/as e aportar novos datos á estadística xeral, co fin de completar o mapa da incidencia do radón en Galiza.

Por todo o anterior, SOLICITAMOS do Pleno da corporación a adoción do seguinte

### **ACORDO**

- 1.- Establecer un convenio coa USC que permita facer medicións nos edificios públicos da provincia ao que se poidan adherirse os concellos interesados.
- 2.- Que polo departamento de prevención e Riscos laboráis da deputación se elaboren informes periódicos sobre a posible presenza de gas radón nos edificios provinciais e a exposición dos traballadores/as a este gas e se adoiten, no seu caso, as medidas oportunas para reducir os niveis do mesmo.
- 3.- Implementar unha liña de axudas para que aqueles particulares que estean dentro das zonas consideradas polo Laboratorio de Radón de Galiza, como de máxima incidencia, poidan realizar, se así o consideran, medicións nas súas vivendas.

Ourense, 13 de xullo de 2017

Asdo: Ramiro Rodríguez Suárez

**PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL**